

Acta núm. 06/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 20 de febreiro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 20 de febreiro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2020, DO 11.02.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2020, DO 11.02.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 11.02.2020, acta núm. 05/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMANDA PAMPÍN RODRÍGUEZ na que comunica que vai construír un peche (nos lindes leste e oeste) dunha parcela sita no lugar de Bemil nº36, coas seguintes características:

O peche terá unha lonxitude aproximada de 27 metros lineais en cada un dos dous lindes, no linde leste (en contacto coa vía pública) situarase a 5,50 metros do eixe do vial, segundo documento de cesión asinado o 18.05.2018, e será executado en pedra de 15 cm. de espesor; no linde oeste o peche farase con dúas filas de bloques de formigón e arame por enriba.

A parcela (7410728NH2471S0000ZL) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura total dos peche será de 1,80 m. medidos sobre a rasante natural do terreo, sendo a parte cega, de formigón ou de pedra, dunha altura máxima de 1,20 m.
- A parte do muro de formigón será convenientemente revestida e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 88,40 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 152,97 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Monserrat Núñez Leboráns, que di actuar en representación de INVERSIONES ORTUMAR, S.L.U., na que comunica que vai construír o peche dunha parcela, sita no lugar de Beca - Bastavales, coas seguintes características:

O peche abarcará todo o perímetro da parcela, e terá unha lonxitude total aproximada de 133 metros, farase con bloques de formigón e reixa por enriba; na parte que da á vía pública poñerase un portalón de entrada.

A parcela (9910653NH3491S0000OH) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 4 m. do eixe dos camiños cos que linda polo sur e polo leste.
- A altura total do peche será de 1,80 m. medidos sobre a rasante natural do terreo, sendo a parte cega, de formigón, dunha altura máxima de 1,20 m.
- A parte do muro de formigón será convenientemente revestida e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 97,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 162,37 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL PAIS TRIGO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda e dun anexo, en Fonte Paredes nº26 – Ons, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual das edificacións.

A parcela onde se emprazan as edificacións (1792603NH2419S0001SJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 69,36 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 133,93 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alfredo Amigo Santasmariñas, que di actuar en representación de MARÍA ESTHER VIQUEIRA CALVO, na que solicita licenza para ampliación dunha edificación e cambio do uso, situada no lugar de Chave de Ponte nº9, parroquia de Bastavales, para destinala a “Restaurante”, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Alfredo Amigo Santasmariñas, visado polo COATIEAC o 27.09.2019 e documentación complementaria visada o 28.11.2019 (expte. nº VN19003349).

A parcela onde se sitúa a edificación, (8911911NH2481S0000LM), está situada en solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A edificación conta con licenza outorgada pola Comisión de Goberno, en sesión de 20 de xuño de 2.001, para uso “Adega”; o novo uso solicitado “Restaurante”, englobase dentro do “Hosteleiro, categoría 2º” recollido no PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Alfredo Amigo Santamariñas, visado polo COAATIEAC o 27.09.2019 e documentación complementaria visada o 28.11.2019 (expte. nº VN19003349), en base ao cal se lle outorga a licenza.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar unha comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia e da Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, acompañando o seguinte:

1. Certificado final de obra asinado polo director da obra.
2. Certificado no referente ao cumprimento das condicións acústicas/conforme á Lei 37/2003 do ruído e o Real Decreto 1367/2007 de desenvolvemento.
3. Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento (Espina & Delfín).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 966,34 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.062,37 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xavier Liñares Túñez, que di actuar en representación de JUAN MANUEL PIRIZ JIMÉNEZ e MONTSERRAT FUENTES ARENAZ, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar, no lugar de Liñares nº62 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo estudio de arquitectura “SALGADO e LIÑARES ARQUITECTOS S.L.P”, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.11.2019, e documentación complementaria visada o 16.01.2020 (nº expte. 19060734).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ref. catastral nº5852915NH2455S00001TA, está situada en solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2), e se sitúa dentro da aldea de Liñares, parroquia de Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo estudio SALGADO e LIÑARES ARQUITECTOS S.L.P, que conta con visado colexial de data 20.11.2019 e documentación complementaria visada o 16.01.2020 (n.expte. 19060734)
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, xa aceptado pola Xunta de Goberno Local de data 20/11/2018 coa licenza de segregación concedida, e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.495,80 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 224,04 euros.

Total: 3.719,84 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González